



CONCELLO DE REDONDELA

## ACTA DA XUNTANZA EXTRAORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE VILAR DE INFESTA

15 DE OUTUBRO DE 2018

### ORDE DO DIA

1 .- Apoio ao manifesto de “gratuidade da peaxe e adenda de melloras á ampliación da AP 9”.

No Centro Cultural de Vilar de Infesta, sendo ás vinte horas, do día quince de outubro de dous mil dezaoto, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes :

- José Carlos García Taibo, representante do PSOE
- Juan Roberto Darriba Ferradás, representante de AER
- Patricia Martínez Dosantos, representante das asociacións veciñais
- María Rita Iglesias Orge, representante das asociacións veciñais
- Manuel Davila García, representante das asociacións veciñais
- Cándido Vilaboa Figueroa, representante da comunidade de montes
- Edesio Crespo Loureiro, representante das asociacións deportivas
- Luis Crespo Orge, representante das comunidades de augas

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de Arturo González Barbeiro, asistidos por mín, Elisa Vieites Piquenque, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Vilar de Infesta convocada para o día de hoxe.

**1 .- Apoio ao manifesto de “gratuidade da peaxe e adenda de melloras á ampliación da AP 9”.**

O Presidente achega o manifesto á secretaria do consello parroquial para a súa lectura no consello parroquial e di que se achegará por correo electrónico a todas/os membros do consello parroquial, incorporándose o texto á acta deste consello.

Dado que ninguén dos presentes contaba co manifesto e os representantes das asociacións descoñecían o seu contido, Roberto Darriba Ferradás (AER) aportou unha copia para que se procedera á súa lectura.

Despois da súa lectura o Presidente intervéen para expor que despois de todo o sufrido pola veciñanza de Chapela coas obras da ampliación da AP9, fixéronse melloras na reposición dos camiños rotos con asfaltado especial antiruídos, apertura de novos viais e bandas redutoras de ruído, novos saneamentos e o traslado do colexio, no que tamén se fará unha gardería na contorna. Fixéronse duras negociacións con moitas xuntanzas para conseguir estas addendas e tamén a supresión da peaxe de Rande. Éstas están recollidas en actas nas que participaron todos os grupos políticos. Unha vez acordado o proxecto se lle enviou ao ministerio para a súa aprobación polo Consello de Estado, que foi en maio de 2018, quedando pendente da súa aprobación polo Consello de Ministros. A aprobación das addendas atópanse neste punto sen que





CONCELLO DE REDONDELA

por parte do Ministerio de Fomento se obteña ningunha resposta, nin siquiera dan cita para que unha xuntanza coa Subdelegada do Goberno. Dende o cambio de goberno non se ten ningunha nova. O goberno anterior comprometérase a aprobar as addendas e suprimir a peaxe de Rande, fixando o ministro anterior o prazo en xullo, pero o actual ministro non di nada sobre o cumprimento do compromiso e a supresión da peaxe. Ante a falta de resposta por parte do actual goberno, o Concello de Redondela ten que tomar medidas, que non son diferentes das que viñera tomando anteriormente, xa que é momento de recordar ao novo goberno o cumprimento da súa responsabilidade cos compromisos e que veñen avalados polos informes técnicos. Deste xeito o Concello de Redondela porá a disposición da veciñanza o vindeiro mércores, 17 de outubro, dous autobuses que sairán de Chapela e Redondela para facer unha concentración diante da Subdelegación do Goberno.

José Carlos García Taibo di que está a favor das melloras que se recollen no manifesto, pero que non está de acordo coas formas porque lle parecen partidistas e de precampaña electoral. Non recorda que en anteriores ocasións se fletaran autobuses para realizar concentracións.

J. Roberto Darriba Ferradás di que o máis normal tería sido enviar o texto do manifesto a todas/os membros do Consello Parroquial e que se trata dun texto realizado dun xeito unilateral que debería ter sido consensuado cos grupos políticos e coa veciñanza para que aportaran suxerencias. No manifesto figuran datos relativos a compromisos, acordos, documentos que, por honestidade intelectual, deberían traerse ás xuntanzas, como a aprobación das addendas polo Consello de Estado (documento que non se atopa) e as actas das xuntanzas. No Pleno de novembro de 2017 no que se fixo unha autocomparecencia para dicir o ben que ía todo e que se fixera o traslado a Fomento. A realidade é que a comisión de seguimento non se convoca e se fixeron xuntanzas privadas noutro formato ás que ían persoas do partido popular e os da AP9. O momento de realizar calquera reivindicación é cando se están a realizar as obras e non facer o manifesto cando xa están rematadas. As melloras que se están facendo non saen gratis, a finca da Ginaria coas obras do colexio custan 1.000.000 euros. AER non vai asinar ningún manifesto que é partidista e non está consensuado con ninguén. As manifestacións feitas con anterioridade as convocaron os colectivos, non foi o equipo de goberno do Concello quen as convocou.

O Presidente di que se ben non houbo manifestos, dende o propio Concello si houbo compromisos que están documentados en prensa e en todas as concentracións, manifestacións e actos estivo presente o equipo de goberno, xunto con representantes do PSOE e doutros grupos municipais. O único cambio entre as actuacións de antes e agora é a intensidade. Nos diferentes momentos utilizouse a ferramenta que se creía máis adecuada, pero a ferramenta é a mesma, agora estamos nun punto no que resulta propicio cambiar a intensidade das actuacións, xa que nas negociacións cando nos atopabamos cunha resposta negativa intensificábanse as accións. Con anterioridade fixéronse manifestacións nas que participou o equipo de goberno e ían en contra do seu propio partido que era o que estaba no goberno. O goberno municipal non ten culpa de que se fixera a moción de censura e haxa cambio de goberno. O goberno municipal fixo todo o posible contra o goberno que estivera para que todo fluíra da mellor forma posible e sempre apoiou á veciñanza. Esta moción de censura é outro escollo co que se atopan estas reivindicacións, e nin o Concello de Redondela nin a veciñanza son os culpables, pero soportan os prexuízos. En relación





CONCELLO DE REDONDELA

coas xuntanzas cómpre dicir que sempre viñeron representantes do grupo AER e o documento do Consello de Estado está publicado na páxina web, xunto cunha batería de medidas. As negociacións que se fixeron son froito dun longo proceso no que non se intimidou a ninguén e está todo asinado e consensuado e o problema e que non hai ningunha resposta, e non están cumprindo nalgo tan sinxelo como que a Subdelegada do Goberno dea unha cita para recibir ao Alcalde, veu ao entroido de verán para coordinar a seguridade, pero deu a calada por resposta no relativo a AP9. O Concello está afrontando un custe de 1.000.000 de euros para xestionar unha finca de 35.000 metros, con estes cartos estase facendo a urbanización da finca da Ginaria, o colexio, os saneamentos da zona, recollida de pliviais, parques e lugares para a veciñanza, trátse dun investimento. Con este manifesto trátase de buscar a participación da veciñanza e dos colectivos sociais e os maiores apoios para que se cumpran os comprimos da saída de Torres de Padín, a eliminación da peaxe e os outros compromisos, os colectivos ou consellos que non se suman é porque non queren. O manifesto poderíase facer máis escueto, pero a administración ten a súa propia linguaxe.

Edesio Crespo Loureiro di que a forma do manifesto non é a máis adecuada, pero co fondo está de acordo. Neste consello xa se pediu con anterioridade o apoio deste para unha manifestación en Chapela e votouse a favor. As/os representantes políticos vides ao consello a debater como nun Pleno cuestións políticas e aquí se deberían debater os temas do barrio e tamén se poden traer cuestións doutras parroquias para achegar un grao de area. Moitas veces se falan aquí unhas cousas e nos plenos dinse outras, como por exemplo o ano en que se perderon os participativos por culpa dos votos de AER, PSOE e BNG.

María Rita Iglesias Orge manifesta ter a mesma opinión que Edesio.

J. Roberto Darriba Ferradás di que non admite que se diga que os orzamentos participativos se perderon por culpa da votación da súa agrupación. Ésta votou en contra dos orzamentos do Concello.

José Carlos García Taibo di que non está de acordo en que se culpe ao PSOE pola perda dos participativos. De vez en cando as/os representantes políticos enzárganse nalgunha discrepancia, pero en relación co manifesto ten a impresión de ser utilizado para fines partidistas.

Cándido Vilboa Figueroa di que o resultado foi que as parroquias quedaron sen nada.

O Presidente di que o manifesto pode non gustar na súa forma, pero que se está aquí para apoiar a Chapela e esixir que se cumpran os compromisos con esa parroquia e a eliminación da peaxe que afecta a toda a veciñanza de Redondela e presionar a quen estea gobernando. Este manifesto faise poque non se pode facer un referéndum, se se está de acordo con el ben e senon iso é liberdade.

O Presidente somete a votación o contido do manifesto que resulta aprobado pola





CONCELLO DE REDONDELA

maioría das/os membros presentes. Votan a favor: Patricia Martínez Dosantos, María Rita Iglesias Orge, Manuel Davila García, Cándido Vilaboa Figueroa, Edesio Crespo Loureiro, Luis Crespo Orge e Arturo González Barbeiro; votan en contra: José Carlos García Taibo e J. Roberto Darriba Ferradás.

J. Roberto Darriba Ferradás di que o Presidente debería traer a documentación á que se refire a este consello e darlla aos grupos. Insta a que conste en acta o compromiso do presidente a traer a documentación que se menciona. Non manifestando dito compromiso o presidente, deixa constancia da súa petición. Non cre que o interventor permita que o Concello pague os autobuses para a concentración do mércores ante a Subdelegación do Goberno. O que se debería facer é unha xuntanza cos grupos políticos e que os cartos para o pagamento dos autobuses saíran dos cartos dos propios grupos, deste xeito trátase dun acto partidista, que non foi consensuado. A comisión de seguimento das obras da AP9 non se convoca e se hai actas habería que ver de cando son.

O Presidente di que as actas son públicas e ás xuntanzas ía un compañeiro da súa agrupación.

E, non habendo máis asuntos a tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo ás vinte e unha horas e vinte minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende na presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.



## MANIFESTO

Os cidadáns de Redondela, e moi especialmente, os de Chapela e Trasmañó, levan moitísimo tempo soportado os inconvenientes das infraestruturas de comunicación que chegan ata Vigo destacando, polo seu impacto, a autoestrada da AP9 e a súa recente ampliación.

Con todo, a xenerosidade e solidariedade dos veciños de Redondela, non debe confundirse con submisión aos abusos que pretenden impoñerse ao noso Concello.

No ano 2006, acordábase a eliminación da peaxe da Autovía do Atlántico (AP-9) no seu tramo entre Vigo e o Morrazo. Esta medida afectou a tódolos usuarios deste tramo, cunha única excepción: aqueles que accedesen ou abandonasen a Autoestrada a través da peaxe de Redondela.

Se infrinxía así unha primeira e moi grave discriminación que afectaba ao concello e comarca de Redondela, que a partires deste momento, vería diminuída súa capacidade competitiva respecto a outros concellos veciños.

Dous anos despois, o Goberno de España, anunciaba unha medida que tería un importante impacto na calidade de vida das veciñas e veciños de Chapela e Rande: a ampliación da capacidade da Ap-9 no tramo entre o Morrazo e Vigo.

Ante a alarma social xerada, en decembro do 2008, constituíuse a Asociación de Afectados da AP9 levando a cabo importantes manifestacións de rexeitamento nas rúas e a raíz delas presentáronse máis de 2.000 alegacións contra dita ampliación.

Con todo, esta actuación foi aprobada de forma definitiva mediante o Real Decreto 1733/2011, no último Consello de Ministros celebrado polo Goberno 48 horas antes de que tivesen lugar as eleccións xerais de 2011. Con posterioridade a esa cita electoral, tivemos coñecemento de que no texto do Real Decreto non se contemplaba ningunha medida compensatoria para os territorios mais afectados polas obras, Chapela e Rande.

Novamente a ampliación foi rexeitada unanimemente polos veciños e polo Pleno do Concello de Redondela quen mantiveron sempre que tratábase de unha obra innecesaria e prexudicial aos intereses dos veciños de Chapela.

Tras moitas manifestacións nas rúas e reivindicacións nos medios de comunicación, o Concello de Redondela, co apoio da Asociación de afectados da Ap9, da Asociacións de veciños de Chapela, da asociación de veciños de Trasmañó e de gran parte da sociedade civil redondelana, foi quen de negociar co Ministerio de Fomento unha serie de medidas compensatorias que resarcisen minimamente ás veciñas e veciños dos inconvenientes destas actuacións.

A sólida unión entre Concello e veciños nas reivindicacións posibilitou, entre outros, compromisos como a cesión gratuíta ao Concello por parte de Audasa da finca da "Ginaria", a construción dun novo colexio en Chapela (hoxe en execución) ou a posta en valor dos restos do Castelo de Rande.

Esa reivindicación constante tamén fixo posible que se aceptase o compromiso de execución de distintas actuacións en materia de infraestruturas, recollidas no "Proxecto de Real Decreto polo que se aproba a Addenda ao Convenio entre a Administración Xeral do Estado e Autopistas do Atlántico, Concesionaria Española, Sociedade Anónima Unipersoal, aprobado polo Real Decreto 1.733/2011, de 18 de novembro, polo que se modifican determinados termos da concesión para a construción, conservación e explotación da autopista do Atlántico AP-9, para a ampliación da capacidade de diversos tramos de dita autopista " ditaminado polo Consello de Estado na sesión da Comisión Permanente celebrada o 17/05/2018.

Esta addenda inclúe a implantación de pantallas contra o ruído e a realización de obras de mellora en Chapela nas zonas do Torreiro, Pasán, Camiño de Mouríño, Fonte Cornido e tamén no paso superior de Trasmañó.

Desde esa data, 17/05/2018, non temos coñecemento de xestión algunha por parte de Fomento encamiñada a materializar estes compromisos, ao igual que se descoñece a data para cumprir o compromiso adquirido polo anterior Goberno da Nación de eliminación da peaxe inxusta de Rande.

A visita do Ministro de Fomento, Señor Ábalos, que tivo lugar o pasado 3 de outubro, non serviu tampouco para clarear as dúbidas que existen sobre todos estes compromisos. O silencio do Ministro de Fomento únese á negativa da Subdelegada do Goberno na Provincia a recibir ao Alcalde de Redondela dende o día 11 de xullo, no que se lle solicitou unha cita para tratar a situación das infraestruturas no noso concello.

Ante esta situación, a paciencia do Concello de Redondela como institución e da súa veciñanza, está esgotada, e por iso anunciamos o inicio de mobilizacións sociais ata conseguir a materialización das demandas das veciñas e veciños de Redondela, que foron apoiadas en distintas ocasións polo conxunto das forzas políticas representadas no Parlamento de Galicia e que Fomento asumiu cumprir.

Polo tanto esiximos ao Ministerio de Fomento, e por extensión ao actual goberno de España, o inmediato cumprimento dos compromisos adquiridos co Concello de Redondela e coas súas veciñas e os seus veciños que se concretan no seguinte:

1. Realización inmediata das obras de mellora comprometidas en Chapela nas zonas do Torreiro, Pasán, camiño de Mouríño, Fonte Cornido e tamén no paso superior de Trasmañó.
2. Colocación inmediata das pantallas contra ruído no tramo de Chapela
3. Supresión inmediata da peaxe inxusta de Rande
4. Presentación inmediata do estudo prometido da viabilidade da apertura dunha saída da AP9 na zona coñecida como Torres de Padín

Outubro 2018